

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2023

Notas sobre o Padroado Rosalía de Castro e a conformación do teatro galego durante o franquismo

Ana Acuña

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Notas sobre o Padroado Rosalía de Castro e a conformación do teatro galego durante o franquismo

Ana Acuña
Universidade de Vigo

1. Introducción^[1]

Con estas notas queremos botar un chisco de luz sobre o papel do Padroado Rosalía de Castro a prol da cultura galega e, en concreto, do teatro galego durante a longa noite de pedra. Como trataremos de mostrar, o Padroado participou dese

proceso lento e difícil, en constante interacción cunha loita que, se no político perseguía o derrubamento da dictadura e o recoñecemento da identidade nacional de Galicia, no sociocultural procuraba un novo modelo de sociedade na que a lingua e a cultura galega tivesen un rol e un espazo de seu (Vieites 1998: 65).

Cómpre advertir que quen isto escribe se achega ao teatro dende a historia da nosa cultura, por esa razón o marco teórico pertence, fundamentalmente, á his-

[1] Este traballo vincúlase ao proxecto “Recuperación do patrimonio teatral de Galicia 4 (1936-1973)” con referencia PID2020-115649RB-100 e vai dedicado a Máximo Sar a quen tivemos a sorte de entrevistar.

toria do teatro galego e as fontes baséanse na consulta dos arquivos da Casa Museo Rosalía de Castro e de Agustín Sixto Seco localizado na Biblioteca de Galicia.

Ao longo da nosa exposición, por tanto, achegaremos datos relativos ao teatro procedentes da consulta dos arquivos arriba indicados e expoñerémolos de xeito organizado. Se ben as noticias máis relevantes van referirse ao papel de Rodolfo López Veiga no Padroado Rosalía de Castro, non nos limitaremos a el, pois este autor e secretario do antigo Padroado entre 1972 e 1985 é obxecto de estudo doutros investigadores.

Aínda que esta é unha investigación en curso, esperamos que a información extraída do caudaloso material do arquivo da Casa Museo Rosalía de Castro poida contribuír ao coñecemento da propia Casa Museo e do teatro galego.

2. O Padroado Rosalía de Castro e o teatro

O Padroado Rosalía de Castro constituíuse o 15/11/1947 na Sala de Xuntas do Hotel Compostela de Santiago. Nestes anos de xestación os propósitos do Padroado Rosalía de Castro eran, ademais do rescate das casas de Rosalía de Castro cos seus mobles, contar cunha editorial propia, fomentar e axudar á organización de recitais de poesía, música e teatro.

A pesar de todos eses obxectivos, durante case 30 anos o Padroado, considerado “a idea cumbre d-este século para Galiza, de chegar a converterse en realidade” (carta de X. Mosquera a R. Badía do 27/11/1949), unicamente conseguiríra recuperar a Casa da Matanza (comprada inicialmente por X. Mosquera Pérez e X. Villar Granjel e que logo pasaría ao Padroado).

Non debe estrañar ese pasesiño avance nunha época na que, tal e como manifestaba F. Fernández del Riego nunha carta a X. Mosquera Pérez do 22/12/1949 “en total-as cousas i en todol-os esforzos que se realizan hoxe a prol de Galicia, sexamos soio tres ou catro os que nos sacrificamos”. Un sacrificio perigoso para o propio Fernández del Riego que leva a Mosquera Pérez a usar o correo do “Mar de Vigo”, eufemismo para designar as persoas correo, e a pedir que non se cite o Padroado na correspondencia escrita cos galegos do exterior^[2]. Unha mostra desta prevención exprésalla Xosé Mosquera a Sebastián González, residente en Puerto Rico, nunha carta do 14/06/1956:

Cando me contestes, faino ca meirande discreción; non menciones o Patronato, senón a entidade, a Institución, a Sociedade..., xa que d-este xeito non pode a censura coller facilmente os fíos.

[2] Temor tamén expresado por Mosquera aos galegos do interior. Léase como exemplo este fragmento da carta do 18/07/1957 a un destinatario de Ourense chamado Álvaro de Rios: “e necesario ter o maor tino: todo o que se diga, ten de ser alleo á política (...) non poida ninguén ver a máis cativa alusión ao rexime en que vivimos”.

Ao noso entender, o Padroado Rosalía de Castro é unha institución que atravesa todas as fases sinaladas por H. Monteagudo no seu estudo de 2022 sobre a persecución do galego baixo o franquismo entre 1936 e 1975: ademais da persecución do galego, a resistencia galeguista (“herba que medra de noite”) e a rearticulación e repregamento (“abrir e recoller colleita”).

Neste sentido é coñecido o labor de Galaxia na resistencia galeguista e a solidariedade dos irmáns de América; con todo, baixo a nosa consideración, o Padroado Rosalía de Castro tamén sería un exemplo do mesmo labor. De feito, Padroado e Galaxia comparten algúns dos seus membros integrantes (Illa Couto, Fernández del Riego...).

O Padroado Rosalía de Castro, como unha asociación ou institución do seu tempo, desenvolve un abano moi variado de actividades, pois coa colaboración dos vellos galeguistas e o protagonismo de estudantado e profesorado, centrouse na reivindicación da lingua, localizouse nas urbes e nas vilas a través das delegacións, organizou cursos de lingua e literatura galega e conferencias sobre temas galegos, promoveu o teatro e o excursionismo (Monteagudo 2022: 278).

Volvendo á conformación do teatro galego durante o franquismo, na documentación escrita do Padroado correspondente aos anos 1953 e 1954 xa non se menciona o teatro de forma expresa, aínda que se podería considerar implícito entre os seus fins:

Procurar el cultivo y el esplendor literario del idioma gallego como lengua de cultura (...) Igualmente tratará de promover la celebración de actos culturales de carácter musical, artístico, folklórico o literario que contribuyan a difundir y a estimular el interés popular por los bienes de la tradición cultural.

Terían que pasar case 30 anos dende a constitución do Padroado para que este puidese ocuparse de algo máis que da rehabilitación e acondicionamento da Casa Museo. En efecto, o 29/12/1970 toma posesión a renovada Xunta de Goberno e nos primeiros meses de 1971 trázanse os novos planos para iniciar a restauración da casa, cuxas obras rematan o 15/07/1971 coa inauguración do Museo tras unha intensa campaña de suscripción popular.

Lograda a finalidade de restauración da Casa da Matanza na que viviu e morreu Rosalía de Castro e a creación nela do Museo, o Padroado pode atender outros obxectivos e labores. Como recoñecía o antigo padroeiro Carlos Baliñas (1987: 145):

Polo demáis, aunque se chamase “de Rosalía”, éste iba ser máis propiamente, (...) un “Patronato de cultura galega”. Eran tempos en que dada a carencia de organismos oficiais para a cultura galega, todo dependía de asociacións privadas e éstas tiñan que facer algo de todo, alongando manifestamente os límites estatutarios.

Seguindo o citado Carlos Baliñas, en tempos complexos o Padroado asumiu un amplo cometido que atinxía tamén o teatro galego:

Mentras houbo atrancos políticos e legáis para a cultura galega, o Patronato asumiu moitas actividades de tipo cultural que, de todos modos, non sempre lle quitaban o risco de conflitos cos Poderes Públicos.

Compría promover o teatro galego e, como extensión da actividade do Patronato, constituíase un grupo denominado “Rosalía de Castro”, dirixido por Rodolfo López Veiga. (Baliñas 1987: 161)

O interese polo teatro na nova xeira do Padroado nacido a finais de 1970 pode explicarse por varias razóns: por unha banda, pola necesidade de recadar fondos para as obras da Casa de Rosalía e, por outra, pola forza renovada do Padroado xurdida trala creación das súas delegacións.

A necesidade de recadar fondos e a creación de delegacións favorecen o espallamento da cultura galega e da figura de Rosalía de Castro. Así pois, a actividade teatral no ámbito do Padroado vai consistir en moito máis que na creación do grupo teatral. Este vai promover a

asistencia a mostras e xuntanzas (Ribadavia, Coruña...), favorecer o intercambio de ideas (e de espectáculos) e, en definitiva, vai facilitar o espallamento da actividade teatral coas súas representacións (por exemplo, na Casa de Rosalía), tal e como mostra a correspondencia e o fondo xornalístico procedente do arquivo da Casa Museo Rosalía de Castro.

Por tanto, dadas as posibilidades do teatro como xeito de comunicación cultural, o propio Padroado impulsará representacións e as súas delegacións contarán entre as súas actividades a teatral. Desta maneira, os fondos localizados nos arquivos achegan novas sobre grupos teatrais, autores, obras, representacións, premios, actividades de divulgación e lugares de representación.

3. O Grupo de Teatro Rosalía de Castro

As primeiras noticias sobre a creación do Grupo de Teatro Rosalía de Castro datan, conforme a correspondencia entre R. López Veiga e A. Sixto Seco (presidente do Padroado), de novembro de 1971. Non obstante, as relacións deberon comezar antes tal e como se deduce do epistolario entre A. Sixto Seco e R. López Veiga^[3]. O segundo escríbelle ao

[3] A relación de R. López Veiga co Padroado Rosalía de Castro viña de vello pois xa nos anos 60 coincidiran en Cantigas e Agarimos persoas moi vinculadas ao Padroado Rosalía de Castro. En 1961 a Xunta Directiva de Cantigas estaba presidida polo que tamén era presidente do Padroado, Juan Gil Armada. Precisamente o tesoureiro desa Xunta era R. López Veiga, que dende 1961 organiza un cadro de declamación baixo a súa dirección, Teatro Galego de Cantigas e Agarimos (Fernández inédito: 157 ss) e que nos anos 70 levará o teatro ao Padroado Rosalía de Castro. López Veiga, por outra parte, era amigo doutras persoas vinculadas ao Padroado como Manolo Beiras.

primeiro que comezaron as súas actividades teatrais e manifesta o desexo de vincularse “oficialmente” ao Padroado. Engade López Veiga:

Imos comezar os ensaios de “Canto para un pra...” a xente quedou con ganas de vela, e podemos facer con ela algunha saída.

Temos en proxecto facer este ano cafe-teatro, para o que temos programadas dúas pezas: “A arbre” e “A chave na porta”.

Para o trimestre derradeiro do curso, temos programada unha peza de teatro estudio orixinal de Ricard Salvat (...) A peza leva por título “Castelao e a súa época”...

Se ben as referencias ao posible acollemento nominal no seo do Padroado datan de novembro de 1971, meses antes R. López Veiga representou a súa obra *Canto pra un poeta malencónico* no Hostal dos Reis Católicos (21/06/1971) baixo o patrocinio da Xunta de Goberno do Padroado Rosalía de Castro. Para entender esa axuda débese ter en conta o contido da obra (unha viaxe arredor dunha época, evocación-homenaxe a Rosalía de Castro) e o contexto do Padroado.

A resposta escrita a ese desexo de vinculación oficial data do 8 de xaneiro de 1972 e nela acéptase poñer o grupo teatral baixo o paraugas do Padroado.

Ademais, na memoria lida o 24/03/1972 na Xunta Xeral do Padroado (no 135 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro) alúdese ao camiñar do Padroado e indícase:

Patrocinamos a posta en escea de “Canto pra un poeta malencónico”, orixinal de Rodolfo López Veiga que, co seu cadro artístico, foi incorporado ao Patronato”

Un ano e un mes despois, na acta da Xunta do 16/04/1973, as representacións a cargo do grupo de teatro considéranse unha das actividades (xunto coas conferencias) relacionadas coa campaña de socios, papel fundamental das delegacións.

Dende comezos de 1975 (carta do 18/03/1975 de C. Baliñas ao alcalde de Santiago de Compostela para pedir un local de ensaio^[4]) e ata 1980 (saída do 21/01/1980 por parte do Delegado Local do Ministerio de Cultura ao presidente do Grupo de Teatro Rosalía de Castro), polo momento, non atopamos máis documentación no arquivo da Casa Museo Rosalía de Castro sobre o seu grupo de teatro.

Que puido ocorrer para este esmorecemento do Grupo de Teatro Rosalía de Castro? Non encontramos máis resposta entre a documentación do arquivo da Casa Museo Rosalía de Castro que unha entrevista sen data a López Veiga na que

[4] Para facer cadrar os diversos integrantes dun espectáculo sobre Rosalía de Castros: orfeón Terra Nosa, Grupo de danzas Cantigas e Agarimos, Grupo de Teatro Rosalía de Castro, Maruxa Villanueva e Elsa B. Pagano.

este reconece que “ultimamente” non teñen moita actividade.

Porén, o traballo do Grupo de Teatro Rosalía de Castro debeu ser continuo durante os anos 70 e podería resumirse na participación nos eventos que presentamos a continuación a partir dos datos do ensaio de C. Lourenço Mória (2013):

- I Mostra Teatro de Ribadavia (maio 1973)
- Representacións na Coruña (2-9 xuño)
- II Jornadas de Teatro de Vigo (12-20 outubro)
- I Semana de Teatro Aficionado de Marín (decembro 1973)
- Xuntanza en Compostela (febreiro 1974)
- II Mostra de Teatro Galego de Ribadavia (18-27 maio 1974)
- Manifesto de protesta polas III Jornadas de Teatro de Vigo (27 setembro 1974)
- Centro Coordinador do Teatro Galego (1974)
- I Ciclo de Teatro Galego: o Teatro Galego Hoxe (1975)
- Manifesto pra un Teatro Galego (1975)
- Mostra de Teatro Popular Galego de Vigo (c. 1976)

Na anterior listaxe habería que engadir as representacións no Hostal dos Reis Católicos en 1971 (*Canto pra un poeta malencónico*), en Vilagarcía, posiblemente, en 1971, en Coruña en 1972

e na Casa Museo Rosalía e Santiago en 1973 (*Romance de Micomicón e Adhelala*).

En canto ás obras representadas, ademais de *Canto pra un poeta malencónico* de Rodolfo López Veiga, cómpre citar o *Romance de Micomicón e Adhelala* de Eduardo Blanco Amor, *Señor Segredario* de Pablo Rodríguez Crespo e Fernando Rodríguez Madriñán (1974) baseada en *Proceso e Jacobusland* de Eduardo Blanco Amor, *A forza de alisios e contralisios, montana e tramontana, ciclos e contraciclos, furacáns tornados e torbelliños* ou *Sopre, Señor Segredario* de Pablo Rodríguez Crespo e Fernando Rodríguez Madriñán (1974).

4. O teatro nas delegacións e seccións do Padroado Rosalía de Castro

No arquivo da Casa Museo Rosalía de Castro, en concreto no fondo de correspondencia, localízanse documentos sobre a produción teatral de grupos afeccionados vinculados ás delegacións do Padroado, ademais de noticias sobre as representacións doutros grupos teatrais en beneficio do Padroado.

Situámonos nos primeiros anos da década dos 70, cando o Padroado desenvolve unha intensa campaña de captación de socios e fondos para o remate da restauración da Casa de Rosalía e os espectáculos teatrais son un medio para a consecución deses fondos. Estes espectáculos son impulsados polas dele-

gacións^[5] do Padroado en Caldas de Reis e en Rianxo tal e como veremos.

4.1. Delegación de Caldas: representación propia

Un caso moi concreto sobre a produción teatral de grupos afeccionados vinculados ás delegacións do Padroado é o da Delegación de Caldas de Reis. Nesta localidade sitúase unha das delegacións máis activas grazas ao recentemente falecido Máximo Sar (M. Rodríguez Buján), coordinador ademais de todas as delegacións do Padroado.

Precisamente, nunha carta do 16/02/1971 dirixida por Máximo Sar a Agustín Sixto Seco aquel informa de que na Delegación de Caldas “se acordó poner en escena una obrita teatral, cuyos beneficios serán para empezar la suscripción (...) importunar a parientes, conocidos y amigos, en demanda de donativos”.

A obra escenificada polos membros da Delegación do Padroado Rosalía de Castro de Caldas foi *De seis a ocho, a sesinar a López* de Juan Chorot, representada en Caldas e en Silleda. No arquivo da Casa Museo Rosalía de Castro, ademais da correspondencia citada, gárdase o recibo do pagamento á SGAE por dereitos (117.70 pesetas) e o folleto da obra.

4.2. Delegación de Rianxo: representación allea en beneficio do Padroado

Outro tipo de produción teatral é aquela ofrecida por grupos máis ou menos profesionais en beneficio do Padroado Rosalía de Castro. Esta produción foi impulsada pola Delegación de Rianxo que anuncia, o 12/02/1971, que unha Agrupación Artística pode poñer en escena teatro galego para o aproveitamento do Padroado.

Un mes despois, nunha carta do 31/03/1971 ao Padroado, infórmase de que o grupo Airiños de Asados (Rianxo) prepara dúas obras teatrais para representar: *Na casa do ciruxano* de Charlón e Hermida e *A morriña* de Antón Presa Viso. Pasados dous meses, o epistolario mostra as dificultades para conseguir autorización administrativa^[6].

Como se pode observar, este ano de 1971 foi especialmente vizoso para a representación teatral a favor do Padroado, a pesar das dificultades coa censura, como mostran outros datos extraídos da documentación depositada na Casa Museo Rosalía de Castro:

- a Delegación do Padroado da Estrada, segundo unha carta do 01/03/1971, informa de que se pretende montar unha representación teatral en galego,
- a Delegación de Barallobre informa (carta do 05/07/1971) do

[5] Nun recorte de prensa sen data aludíase ao labor teatral doutra delegación, a Delegación Universitaria do Padroado, coa representación da peza *Romance de Micomicón y Adhelada*. Non volvemos encontrar ningunha outra referencia.

[6] Velada teatral en colaboración coa agrupación Airiños dirixida por R. Pimentel segundo un recorte de *El Ideal Gallego* do 04/04/1971.

traballo da agrupación coral Segreles e o Coadro Artístico,

- o director de Ditea ofrece unha achega voluntaria durante as súas representacións (c. 1971).

4.3. Sección de Filatelia do Padroado

A desaparecida Sección de Filatelia do Padroado organizou, entre outras actividades, a actuación do grupo Candea (Sociedade Liceo de Noia) que representou *Noite de Lobos* de Xosé Agreló en 1975. Esta representación puido motivar a construción do auditorio na Casa da Matanza (reinaugurado o pasado 2022) ao desmoronarse o escenario.

En menor medida, o Padroado Rosalía de Castro posibilitou a representación de pezas teatrais na Casa da Matanza, tanto do seu Grupo de Teatro como doutros.

5. Un “teatro pra xente” e un “teatro de camiño”

A efervescencia de representacións teatrais nas diferentes delegacións pode relacionarse coas consideracións que sobre o teatro manifestaba a Comisión de Cultura do Padroado en 1974. A reflexión sobre o teatro vincúlase coas súas posibilidades e, neste sentido, enténdense necesarias unhas xornadas cara ao “Teatro da xente”. Copiamos:

Xornadas de teatro galego nas vilas e cidades, onde queira que haxa una [sic] delegación do Patronato, e aínda nos medios rurais.

Hai que espallar o “Teatro pra xente”: un “Teatro de camiño”. É preciso levar este xeito de comunicación cultural galega, a todos os corrunchos da nosa Terra: nos adros das eirexas; nas prazas vilegas; nos patios das escolas; nos pazos etc.

Habería que xunguir nesta gran laboura a todos os grupos de teatro de Galicia.

Non estaría demasiado desacertada, aínda que non moi fácil, a idea de montar un “carromato da farsa” ou algo semellante.

Nesta liña, a Comisión de Cultura sería a encargada de estudar o proxecto dunha Semana de Teatro Galego segundo se anuncia en *El Ideal Gallego* do 08/05/1974.

Por outra parte, con motivo da representación da peza teatral de E. Blanco Amor, *Romance de Micomicón e Adhlelala*, o Grupo de Teatro Rosalía de Castro reflexiona na prensa sobre a problemática do teatro galego do seu tempo. Os puntos febles atinxen aos problemas de público, de censura, de obras, aos económicos e aos lingüísticos. Sobre dous deles indícase:

Una obra a la que la censura cortó unas cuantas frases que en determinado momento pueden perjudicar al contenido de la obra (...)

“Hay jóvenes inquietos por el teatro. Se preocupan y trabajan, pero existe un claro problema lingüístico, y además se mueven con más intranquilidad en las tablas... lo hacen mejor en castellano”.

A pesar das dificultades, o Grupo de Teatro ten moi claros os seus principios: transmitir en galego o que o galego debe saber, representar obras de compromiso social, colaborar co pobo na perfección do idioma e crear unha distracción sen esquecer a necesidade de colaboración entre autores teatrais e os grupos (neste sentido destácanse autores como E. Blanco Amor, E. Ruibal, M. Lorenzo ou Manuel María, e, como grupo, o Teatro Circo), así como a necesidade do teatro e do teatro en galego.

Ademais das actividades máis ou menos exitosas abordadas nos apartados anteriores (grupo teatral propio, montaxes...) e que requiriron un esforzo institucional a través das delegacións ou das seccións, o Padroado presidido por A. Sixto Seco pretendía publicar obras de teatro galego. Tal e como lle escribe no 24/01/1974 a R. Gil Casares^[7], presidente do consello de administración do Banco de Crédito e Inversións:

No hay actualmente nada publicado. Es idea del Patronato imprimir un libro en el que se reedite la primera y más famosa obra que se escribió en gallego (de teatro, se entiende), haciendo un Tomo con otra de rabiosa actualidad que haría fácilmente vendible el Libro de Teatro.

Aínda que esa pretensión quedase en auga de bacallau, o dossier de prensa correspondente a 1974 informaba de que o Padroado acordara que a Comisión

de Cultura estudase a posibilidade de publicar un volume con catro das pezas máis representativas do teatro galego.

A mesma sorte debeu correr a idea dun premio de teatro en galego denominado “Castelao” dotado con 100 mil pesetas ofrecidas por un particular ao presidente Agustín Sixto Seco. Deste premio soubemos a partir dunha entrevista na prensa (s.d.) a Rodolfo López Veiga, delegado de actividades culturais do Padroado Rosalía de Castro.

Por último, non podemos esquecer outras referencias ao teatro existentes na documentación da Casa Museo e que mostran o compromiso ou interese a nivel individual (se temos en conta que as cartas están asinadas polo presidente do Padroado A. Sixto Seco), co teatro galego. É o caso, por exemplo, do apoio a compañías como a de Teatro Luís Seoane (a través do director Manuel Lourenzo) ou a relación con R. Vidal Bolaño a propósito de *Agasallo de sombras*.

6. Consideracións finais

Como tentamos mostrar ao longo destas páxinas, a documentación do arquivo da Casa Museo Rosalía de Castro permite profundar no coñecemento do teatro galego dende os anos 40 ata 1975. A situación do teatro “a máis pública das artes” (Vieites 1998: 51) dentro do Padroado Rosalía de Castro vén a ser, retomando as palabras de M. Vieites “un fiel reflexo da situación da lingua e tamén do país”.

[7] E noutra carta a X. Fernández Ferreiro.

Referencias bibliográficas citadas e outras fontes

Arquivo da Casa Museo Rosalía de Castro. Varios fondos.

Arquivo da Biblioteca de Galicia. Fondo Agustín Sixto Seco.

Baliñas, Carlos (1987): *Rosalía de Castro. Entre a poesía e a política*.
Vigo: Patronato Rosalía de Castro.

Fernández Álvarez, Antón (inédito): *Cantigas e agarimos 1921-2021*.
A bandeira ergueita.

Lourenço Mória, Cilha (2013): *O Teatro Circo na configuración do Teatro
Independente Galego (1967-1978)*. A Coruña: Laiovento.

Monteagudo, Henrique (2022): *O idioma galego baixo o franquismo*.
Da resistencia á normalización. Vigo: Galaxia.

Vieites, Manuel F. (1998): *Do novo teatro á nova dramaturxia*.Vigo: Xerais.

Publicamos este oitavo número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Ribeira



Concello
de Ribeira



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO